

## Ahora más que nunca, cuidamos la información

</ir\_anuncio/548/false>



publicidad

**RESIDENCIAS DE MAYORES </RESIDENCIAS-MAYORES>**

# O entramado das residencias de maiores DomusVi, intereses moi persoais

Dúas residencias de DomusVi intervidas pola Xunta con recursos públicos durante a pandemia do coronavirus. Descoñecemento do número de falecementos. Familias indignadas que acabarán levando aos tribunais á empresa. Conexións persoais e políticas detrás dun negocio millonario a base de recortes, contratos que absorben pensións e recursos familiares, salarios moi baixos e unha defensa pechada desde as autoridades.



Militares entrando na residencia DomusVi de Barreiro (Vigo).

**MIGUEL NÚÑEZ </AUTOR/MIGUEL-NUNEZ>**



**RAMÓN FERNÁNDEZ** </AUTOR/RAMON-FERNANDEZ>

10 JUN 2020 12:44

O Estado do benestar español “esqueceu” os coidados á xente maior. Os motivos? Hai quen apunta unha esperanza de vida máis longa, por tanto máis coidados, por tanto máis investimento estatal. Aí entraron as residencias privadas que aliviaron os orzamentos en dependencia durante anos. Así naceron as fundacións sen ánimo de lucro e as que si tiñan ánimo de lucro. Estas últimas funcionan como as empresas que son, mirando o máximo rendemento co menor custo posible. Isto foi, para moitos familiares de usuarios e usuarias, a chave que abriu a porta ao coronavirus para entrar nas residencias de maiores, sobre todo privadas.



</coronavirus/residencias-maiores-negocio-mala-praxe>

# Residencias de maiores, negocio ou mala praxe? </coronavirus/residencias- maiores-negocio-mala- praxe>

RAMÓN FERNÁNDEZ </AUTOR/RAMON-FERNANDEZ>

## INTERVENCIÓN

A actual CEO de DomusVi en España é Josefina Fernández Miguélez e moitas son as voces que apuntan ás súas relacións coa política, o que lle permite dirixir este holding desde Vigo para todo o Estado. En Galiza un grande número das residencias privadas están baixo a súa dirección, mais tamén residencias de titularidade pública están agora mesmo a ser xestionadas pola empresa dirixida por Fernández Miguélez.

As residencias DomusVi sempre foron moi cuestionadas por familiares e por empregadas. Os primeiros porque consideraban que o trato recibido polos seus parentes usuarios non era o axeitado, e as segundas -tratase dun sector moi feminizado- apuntaban aos baixos salarios, á falta de persoal necesario para atender as persoas usuarias (rateo, unha xerocultora por un número determinado de usuarios) e ás condicións “lamentables” apuntadas tanto no servizo de comida como cos coidados que precisaban as persoas usuarias.

O 30 de marzo de 2020, en vista da cantidade de persoas maiores falecidas pola COVID-19, a Xunta de Galicia decide a intervención das residencias de Aldán en Cangas do Morrazo e de Barreiro en Vigo, as dúas do grupo DomusVi. Persoal do SERGAS, do Consorcio Galego de Benestar e doutros departamentos, descubriron “un desastre” segundo algúns deles, “con roupa mesturada que non sabías cal estaba infectada ou non” e deficiencias en atención ante a falta de persoal.

**As residencias DomusVi sempre foron moi cuestionadas por familiares e por empregadas.**

A Xunta decide poñer xerentes públicos nas residencias que intervén. Segundo apuntaron empregadas da residencia de Aldán, o responsable de DomusVi para o Noroeste de España, Pedro Fernández Miguélez, irmán da xestora de DomusVi España, Josefina Fernández Miguélez, tivera un duro enfrontamento co responsable que puxera o executivo galego á fronte tanto de Barreiro como de Aldán, Constantino Piñeiro. A posible orixe da rifa serían os desentendementos sobre como levar os centros durante a intervención.

O goberno galego “escudou a súa intervención en garantir a saúde e vida dos residentes, se non houbo intervención habería unha masacre” apunta Paulino Campos, da Federación REDE que aglutina asociacións de familiares de usuarios. As cifras que ofrece o SERGAS (Servizo Galego de Saúde) de falecementos en residencias a día 7 de xuño de 2020 son 132 en total. “Na residencia de DomusVi San Lázaro en Santiago, houbo 50 mortes, en Aldán 37 e en Barreiro 47” sinala Campos de REDE.

Non obstante, os recontos de vítimas non son moi fiables para moitos parentes de falecidos: “Dentro dalgúns recontos faltan falecidos, cando se coñeza o número real de mortes haberá moitas reclamacións xudiciais”. Ditas reclamacións xudiciais, se se abrisen agora mesmo, en plena precampaña electoral para as autonómicas do 12 de xullo, poderían ser un elemento contraproducente para Feijóo e o PP, segundo voces ligadas ás familias que non quixeron identificarse.

## AMIZADES E VÍNCULOS PERIGOSOS

Josefina Fernández Miguélez, é hoxe por hoxe a cabeza visible deste holding de empresas participadas por investidores franceses e ingleses. “Digamos que Josefina Fernández ten unha maneira moi ‘española’ de facer as cousas, usa o ‘amiguismo’, as súas conexións políticas e as súas amizades para conseguir obxectivos” describen desde REDE. Esta maneira de traballar fixo que sobre todo os investidores franceses SRS, tivesen o camiño listo para entraren nas residencias de maiores tanto en Galiza como no resto do Estado, senón posiblemente tardarían moito en entrar ou non entrarían. O mesmo se pode dicir dos investidores británicos ICG.


**“Digamos que Josefina Fernández ten unha maneira moi ‘española’ de facer as cousas, usa o ‘amiguismo’, as súas conexións políticas e as súas amizades para conseguir obxectivos” describen desde REDE**



Josefina Fernández recoñeceu que ela está neste negocio “gracias a Corina Porro” cando lle foi entregada, de mans do presidente da Xunta Alberto Núñez Feijóo, a Medalla de Ouro do Círculo de Empresarios de Galicia. Fernández, moi habilidosa entre os círculos políticos, comezou da man de Corina Porro cando esta figuraba no organigrama da Consellería de Asuntos Sociais. Aí comezou todo, unha serie de relacións con persoas influentes dentro do PP galego.

A relación Fernández-Porro comezou o seu percorrido cando as caixas de aforros tiñas as súas fundacións e obras sociais. Co tempo Corina Porro entrou no “clan de Vigo” que axudou a Feijóo a chegar á presidencia do PP galego e logo da Xunta. “Houbera unha guerra sen cuartel entre Xosé Cuíña e Feijóo para quedar coa presidencia do PP en Galicia” din as fontes de REDE. Logo da caída de Cuíña, o camiño para Feijóo estaba aberto.

Núñez Feijóo tiña entón que “recompensar” a quen lle deu o seu apoio. Por unha banda, Corina Porro, candidata do PP para a alcaldía de Vigo en 2007 – que non acadou polo pacto PSOE-BNG–, acabou no Consello Consultivo de Galicia. Oito anos despois, Porro volve a Vigo para presidir a xestora do PP local, logo de sacar só 4 concelleiros durante as municipais de 2019 e tamén foi nomeada delegada da Xunta para Vigo. Cesada dese cargo en marzo de 2020, pasou a ser parte da equipa electoral de Núñez Feijóo para as autonómicas de 2020.



Corina Porro fotografada diante da residencia de Patos, un albergue xuvenil habilitado para acoller a desprazados de residencias de maiores. **MIGUEL NÚÑEZ** </AUTOR/MIGUEL-NUNEZ>

Ademais do triángulo Feijóo-Porro-Fernández, existe outro triángulo con Núñez Feijóo na súa cabeza, segundo as diferentes fontes consultadas para esta reportaxe. Cando o actual titular da Xunta aterrou en San Caetano en 2009, fíxoo con persoas da súa absoluta confianza. Entre esas persoas estaba Lucas Martínón. Licenciado en Xornalismo, actualmente Director Xeral de Comunicación, dependente da Secretaría Xeral de Medios, dirixida por outra persoa de absoluta confianza de Feijóo, Mar Sánchez Sierra.

Lucas Martínón sería o segundo vértice do segundo triángulo relacionado coa atención a persoas maiores en Galiza. O terceiro pé ou vértice é Fabiola García Martínez, actual conselleira de Política Social e muller de Martínón. Do departamento dirixido por Fabiola García dependen as residencias públicas de maiores e o Consorcio Galego de Benestar e a Inspección das residencias. Dita inspección acabou cuestionada no informe do Consello de Contas de 2017, que apuntaba sobre este particular que “non se opera de maneira garantista”.

Outra persoa apuntada é a que leva directamente os asuntos relativos ás políticas de maiores: Ildefonso de la Campa, responsable da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. De la Campa, segundo familiares de usuarios en DomusVi, é unha persoa moi próxima tamén ao círculo de Feijóo, cun amplo currículo dentro da administración galega.

**A análise que fan algunhas asociacións de familiares de usuarios é que o aparello humano de Política Social foi artellado por Lucas Martinón grazas á forte conexión con Feijóo e moi posiblemente con Sánchez Sierra.**

A análise que fan algunhas asociacións de familiares de usuarios é que o aparello humano de Política Social foi artellado por Lucas Martinón grazas á forte conexión con Feijóo e moi posiblemente con Sánchez Sierra. Así, dunha parte a acción da Consellería de Política Social estaría moi ligada á Presidencia da Xunta, co peso mediático que iso supón. “Tememos que o gabinete de prensa da presidencia da Xunta de Galicia estea dando ordes concretas de como os medios deben tratar o tema” din desde REDE.

## A GRANDE ILUSIÓN

Con anterioridade ás primeiras mortes pola COVID-19 en residencias de DomusVi, as traballadoras da empresa levaban tempo esixindo melloras dentro da empresa. Os salarios eran ínfimos, segundo a asociación de traballadoras TREGA, os rateos de persoal eran imposibles para atender unha media de 150 persoas en quenda de noite e a falta de persoal especializado, enfermaría, medicina e psicoloxía, convertían as residencias DomusVi nunha fonte de conflictividade laboral.

Coa irrupción do coronavirus dentro das residencias que controla Josefina Fernández, a cousa foi empeorando. As carencias de persoal pasaron factura en canto mortes de persoas infectadas polo virus. “En DomusVi San Lázaro en Santiago temos 50 moretes, en Aldán, Cangas, 37 e en Barreiro, Vigo, 47” di Paulino Campos de REDE. A pesar disto, os familiares temen que o reconto final de persoas mortas por coronavirus en residencias privadas sexa moito maior.

A finais de marzo de 2020, a Xunta realiza a intervención de dúas residencias privadas propiedade de DomusVi. Desde o goberno galego “venderon a intervención para garantir a saúde e a vida dos residentes”. Parte da intervención foi o desprazamento de maiores que deran negativo nos test de coronavirus á residencia de Patos, un albergue xuvenil. Corina Porro estaba na entrada deste lugar, momento captado polos medios públicos galegos e tamén privados.

# **Con anterioridade ás primeiras mortes pola COVID-19 en residencias de DomusVi, as traballadoras da empresa levaban tempo esixindo melloras dentro da empresa.**

Son numerosas as voces de familiares consultados para a reportaxe, que acusan á Xunta de ter feito unha manobra mediática de cara “protexer” a imaxe pública de Feijóo, da súa valía como xestor e, sobre todo, porque “ten unha obsesión por vender normalidade” din desde REDE. Estas mesmas voces ligan esa imaxe de “normalidade” á campaña electoral de cara as eleccións autonómicas para o 12 de xullo de 2020.

A tentativa de “vender a ilusión” de que se está volvendo á normalidade aínda ten que pasar por unha serie de arranxos, estiman as familias de usuarios e asociacións e sindicatos. A contratación de persoal suficiente, a contratación de especialistas, a inspección para ver de que se cumpren as normativas vixentes en todas as residencias privadas.

A día de hoxe as familias de persoas falecidas en residencias para maiores, están procurando crear unha unión de vítimas para emprender accións legais. Ditas accións recollerían desde o cobro fraudulento das mensualidades correspondentes aos meses de corentena e intervención, e tamén unha querela criminal, porque entenden que houbo unha organización xerarquizada que “ordenou ocultar material de seguridade e que non puxo o persoal suficiente para atender ás persoas usuarias”.

A ninguén se lle escapa que Josefina Fernández tería que deixar o seu cargo, que alguén deba facer presión para que deixase o seu posto en DomusVi. “Os investidores británicos están preocupados pola imaxe que se dea desta empresa” din desde REDE. A isto sumaríase que tiveron que ser os servizos públicos quen interviron para salvar un conglomerado privado incapaz de controlar “algo completamente inesperado”. Doutra banda, a presunta connivencia entre poderes políticos e intereses privados, empurrou, tamén presuntamente, a unha mobilización de recursos para que as consecuencias non foran máis debastadoras, din desde REDE.